

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 23 DE XULLO DE 2007

3.- Solicitudes de licenzas de obras.

RECURSO REPOSICIÓN.-

488/05.-Teresa Noya Noya.- Parcelación de finca sita en Verdía (E).-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

496/07.-María Sofía Vilarnovo Barcia.-Expte..887/88.....1.412,38 €-

SUBSANACIÓN ERRO X.G.L. DE DATA 04 DE XUÑO DE 2007

461/04.- Carmen Pazos Sende.- Legalización de modificacións executadas na viv. unif. en fase de execución na Calzada de Sar núm.56.-

4-28.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e imposto de Bens Inmóbles.

Resólvense os devanditos impostos.

29.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas á desestimación de recurso de reposición presentados contra acordos da Xunta de Goberno Local polos cales non se concede á bonificación do 50% no IBI para 2005.

Desestímase o recurso.

30.- Propostas dos concelleiros delegados de Facenda e de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á concesión dunha subvención polos importes das liquidacións en concepto de intervencións efectuadas na cidade histórica, no expediente 2001/678.

Concédesse a subvención por importe de 1.645 euros.

31.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro dun sistema de telefonía IP para o Concello de Santiago de Compostela e terminais telefónicos IP para as novas dependencias de Servizos Sociais.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 29.916,95 euros.

32.- Adxudicación das Obras de cambio de pavimento e melloras de ventilación no Pavillón Polideportivo de Santa Isabel.

Apróbase o orzamento así como a adxudicación de referencia a favor de José María García Quintela por importe de 28.600 euros.

33.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e o inicio da contratación do servizo de vixilancia do Estadio de San Lázaro.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 96.500 euros/ano e un prazo de execución de dous anos prorrogables.

34.- Escrito dando conta da absorción da empresa APLICACIÓN DE PINTURAS API pola mercantil IMESAPI, S.A. a efectos dos seus dereitos e obrigas co Concello.

Dáse conta da devandita absorción.

35.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á autorización a unha empresa para a execución ao seu cargo das obras de reposición, reforzo e ampliación do espazo cuberto de acceso ao aparcamento do Romero Donallo.

Autorízase á empresa Aparcamientos Sar, SA, para a execución ao seu cargo das obras de reposición, reforzo e ampliación do espazo cuberto do acceso ao aparcamento público Romero Donallo.

36.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á resolución da convocatoria de axudas a empresas para a contratación de alumnos de excelencia académica recoñecida da USC.

Apróbase a proposta de resolución formulada polo Comité de Dirección do Proxecto cara concesión da axuda establecida de 12.000 euros por empresa e praza a cinco propostas.

37.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvencións para o mantemento das escolas infantís municipais de Conxo e das Fontiñas.

Acórdase solicitar as devanditas subvencións polo importe de 65.000 euros para cada un delas.

38.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á presentación de alegacións ante a Xunta de Galicia por mor da solicitude da reestruturación da explotación da concesión V-7059; XG-433 por unha empresa.

Acórdase presentar ante a Xunta as seguintes alegacións: que non se recollan paradas urbanas no título concesional, ou como neste caso da reestruturación. Estas paradas son: Boisaca, Rosalía de Castro, Castiñeiriño, Outeiro, Mestre Mateo, Hospital Clínico e Pontepedriña; que se fixe a Estación de Autobuses de Santiago como orixe e destino único que debería quedar claro no título concesional de todos os servizos deste tipo na cidade, con independencia dos acordos puntuais, pero nunca recollidos no devandito título; non permitir a redución do número de expedicións con orixe ou destino na cidade.

39.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á celebración do XXIX Torneo de Chave do Apóstolo.

Apróbase a encomenda da organización do evento, que se celebrará os días 26, 27 e 28 de xullo, á Asociación de Xogadores da Chave de Santiago, polo prezo de 4.000 euros.

40.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa a diversas solicitudes de utilización gratuíta de distintos campos municipais.

Apróbase a concesión para a tempada 07/08, con carácter gratuíta, do Estadio Municipal de San Lázaro e do campo anexo San Lázaro II aos primeiros equipos das entidades Campus Stellae (entidade xestora dos equipos da SD Compostela SAD, en liquidación), SD Ciudad de Santiago e Santiago de Compostela CF, para adestrar e disputar os encontros oficiais de liga, copa e outros nos que xoguen como locatarios.

41.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á adhesión ao protocolo xeral de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a FEGAMP para a execución da medida xudicial de prestación en beneficio da comunidade, en virtude da Lei de Responsabilidade Penal dos Menores.

Apróbase a adhesión ao devandito protocolo.

42.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial de axudas para vivendas no Casco Histórico de Santiago de Compostela, financiadas pola 8ª fase do Convenio entre a Consellería de Vivenda, Ministerio de Vivenda e Concello de Santiago. (Expedientes: 2006-129, 2006-78, 2006-79, 2006-266, 2006-117, 2007-230, 2007-

309, 2007-295, 2007-270, 2007-384, 2007-385, 2007-386, 2007-387, 2007-388, 2007-389, 2007-390, 2007-391, 2007-392, 2007-393, 2007-394 e 2007-395).

Apróbanse inicialmente axudas para 21 vivendas, por un importe total de

43 a 46.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación de axudas para vivendas e locais comerciais no Casco Histórico (condicionada á aprobación pola Comisión Executiva do Consorcio de Santiago).

Apróbanse inicialmente axudas para as seguintes vivendas:

- rúa das Hortas, 6
- rúa das Hortas, 6,1º
- rúa das Hortas, 6,2º

Apróbanse definitivamente axudas para as seguintes vivendas:

- rúa de San Pedro, 111
- rúa do Franco, 31
- praza de Cervantes, 1
- rúa de Algalia de Abaixo, 19

Apróbanse axudas inicialmente para dous locais comerciais:

- Av. Figueroa, 3
- praza do Toural, 10

Apróbanse axudas definitivamente para dous locais comerciais:

- campo de San Domingos de Bonaval, 2
- rúa de San Paio de Antealtares, 6

47.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do mutuo acordo nas parcelas 19 e 29 do proxecto técnico de expropiación para a ampliación do Campus Universitario (PE-8).

Acórdase pagarlle a Francisco Couselo Rodríguez as cantidades correspondentes á parcela 19 e 29 (6.731 e 10.417 euros respectivamente) do citado proxecto de expropiación.

48.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da participación do Concello de Santiago de Compostela, no procedemento de selección de proxectos pilotos para o PROGRAMA DE URBANISMO EN REDE.

Dáse conta da participación do Concello de Santiago no devandito programa, que ten un custo total de 134.466 euros, do que o Concello asume 53.708 euros.

49.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do proxecto de obras de mellora e acondicionamento dun tramo da travesía de Santiago a Figueiras C.P.7803 P.K.3'52-4 no Concello de Santiago.

Apróbase o proxecto de Travesías na c.p. 7803 Santiago a Figueiras, pq3'52 ao 4'00 (Santiago de Compostela) e remitir á Deputación a resolución favorable emitida polo Patrimonio Cultural para que se poida proceder á contratación das obras. Custo total: 239.927 euros.

50.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación inicial do proxecto de expropiación, por taxación conxunta, da Casa do Cabildo.

Acórdase iniciar, en beneficio do Consorcio, o procedemento de expropiación, por taxación conxunta, dos bens e dereitos existentes no inmovible Casa do Cabildo, para a súa incorporación ao sistema de equipamento comunitario público da cidade. Así mesmo, apróbase inicialmente o proxecto de expropiación da Casa do Cabildo e acórdase sometelo a información pública polo prazo dun mes.

51.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios, e plus de transporte.

Apróbase o aboamento a distinto persoal do Concello.

52.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao nomeamento dun funcionario interino "Arquitecto" para o servizo de licenzas e disciplina urbanística.

Acórdase contratar un arquitecto polo prazo de 6 meses.

53.- Propostas dos concelleiros delegados de Deportes e Mobilidade e Seguridade Cidadá relativas a autorizacións para a realización de horas extraordinarias por diverso persoal.

Autorízase a realización de horas extraordinarias a distinto persoal do Concello por mor das Festas do Apóstolo.

54.- Dar conta de corrección de erro no punto 37 da sesión de data 25 de xuño de 2007, relativa á ampliación de prazos de execución dun contrato.

Dáse conta da devandita corrección.

55.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para información e prevención de drogodependencias.

Dáse conta da sinatura do convenio.

56.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia para a ampliación e mellora do centro de animais vagabundos ou abandonados.

Dáse conta da sinatura do convenio. A Dirección Xeral da Conservación da Natureza aporta 180.000 euros.

57.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para financiar actividades difusoras do Museo GRANELL.

Dáse conta da sinatura do convenio.

URXENCIAS

1.- Acórdase iniciar o procedemento para a contratación dunha psicóloga para prestar os seus servizos no Centro de Información ás Mulleres.

2.- Apróbese a contratación dun auxiliar administrativo funcionario interino, durante o mes de agosto, como reforzo de Servizos Sociais, para suplir a carencia de persoal por motivos de vacacións e diversas baixas médicas.

3.- Dáse conta do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Concello de Santiago e a Fundación José Otero-Carmela Martínez, no que se establece o marco de colaboración para a construción dunha residencia de persoas maiores dependentes en Santiago.

4.- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e as prescricións técnicas, así como o inicio do expediente de contratación da xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela, por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación variable en función do número de alumnos do seguinte xeito:

- ata 200 persoas matriculadas: as tarifas dos usuarios/as máis 120.000 euros.

- a partir de 200 persoas matriculadas: as tarifas dos usuarios máis 360 euros/alumno/ano cun máxmo de aportación municipal de 90.000 euros.